

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE BOLSAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDANTES DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2023 – 2024. Expediente Xestióna 3819/2023

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Constitución Española de 1978 no artigo 27 establece o dereito á educación e, entre outros, que os poderes públicos teñen que garantir ese dereito. Así mesmo, no artigo 9 establécese que lle corresponde aos poderes públicos, entre outros, promover as condicións para a igualdade do individuo e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación na vida política, económica, cultural e social. No artigo 40 establece que os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico, e no punto 2 do mesmo artigo recolle que os poderes públicos fomentarán unha política que garante a formación.

A Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 25.2. modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, atribúe aos concellos competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 80 establece que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbitos das súas competencias, poderán promover toda clases de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades dos cidadáns.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación no seu artigo 3.2 establece como ensinanzas que ofrece o sistema educativo: educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, ensinanzas de idiomas, artísticas, deportivas, educación de persoas adultas e ensinanza universitaria.

A Lei 13/2008 , do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia no artigo 3

establece como obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, dar protección e oportunidades sociais e educativas, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade e facilitar a aplicación efectiva nos seus servizos e programas de políticas transversais que incidan na eliminación de todo tipo de discriminación selectiva e exclusión social; e garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

A política social e educativa do Concello de Lalín, parte da concepción de que a educación debe contribuír a ofrecer as mesmas posibilidades a todas as persoas, polo que se considera necesario a implantación de servizos e programas educativos complementarios, que constitúan un apoio ás familias e garanten un acceso mais igualitario á educación e á formación.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora as bases de réxime local, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello de Lalín convoca o procedemento de concesión de bolsas para o transporte de estudantes para o curso 2023/2024 de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

1.1.Constitúe o obxecto destas bases regular a concesión de bolsas para o transporte de estudantes residentes e empadroadas/os no Concello de Lalín, que cumpran os requisitos das mesmas e cursen estudos en algunha das cidades universitarias de Galicia, durante o curso 2023/2024. As bolsas previstas nas presentes bases, outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

A finalidade última de estas axudas é contribuír a reducir os efectos negativos nas economías familiares mais débiles, producidas polos gastos derivados do uso do transporte dende Lalín ás/aos diversas/os cidades/distritos universitarios/as, das/os estudantes residentes e empadroadas/os no Concello de Lalín.

Concello de Lalín

1.2. O procedemento de concesión das bolsas establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 12 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; no Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; así coma nas Bases de Execución do Orzamento do Concello do exercicio 2023, e respectando o establecido na normativa en vigor en materia de protección de datos de carácter persoal.

1.3. Os gastos xerados das bolsas concedidas ao abeiro das presentes bases irán a cargo das aplicacións orzamentarias 326.489.20 e 326.489.21 para os exercicios económicos do ano 2023 e 2024.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS.

Poderán beneficiarse das bolsas reguladas polas presentes bases as persoas de nacionalidade española, residentes e empadroadas no Concello de Lalín, que reúnan os requisitos establecidos na base terceira.

Así mesmo, as persoas estranxeiras empadroadas e residentes no Concello de Lalín, poderán igualmente ser beneficiarias, sempre que se atopen en situación administrativa regular e cumpran as condicións establecidas na Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e os requisitos establecidos en estas bases.

TERCEIRA.- REQUISITOS.

Para ser beneficiarios/as das bolsas establecidas en estas bases, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser residente e figurar empadroado/a no Concello de Lalín.
2. Alcanzar a idade 21 anos ao longo do curso académico 2023/2024 dado que os/as menores de 21 anos son beneficiarios/as da Tarxeta Xente Nova que permite os desprazamentos de xeito gratuíto.

3. Ter presentada en tempo e forma a correspondente solicitude, segundo o establecido na base oitava.
4. Estar matriculado/a para o curso académico de 2023/2024, nas seguintes ensinanzas:
 - a) Ensinanza universitaria.
 - b) Ensinanzas artísticas superiores: estudos superiores de música e danza, ensinanzas de arte dramático, ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e estudos superiores de artes plásticas e deseño.
 - c) Master
 - d) Formación profesional nas modalidades de grao medio e superior.
5. Estar cursando estudos de primeira carreira.
6. Que a/s ensinanza/s na/s que se matricule o/a alumno/a non se imparta/n en centros educativos do Concello de Lalín.
7. Estar matriculado/a en un ciclo formativo de grao medio ou superior no curso académico 2023/2024 en centro/s educativo/s ubicado/s en un distrito universitario ou cidade universitaria.
8. Estar ao corrente de obrigas coa axencia tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín. Este extremo acreditarase mediante declaración responsable asinada polo/a solicitante.
9. Non estar inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario/a da subvención. Este extremo acreditarase mediante declaración responsable asinada polo/a solicitante.

CUARTA.- EXCLUSIÓNS.

Quedan excluídas as persoas que estean matriculadas nos seguintes estudos:

1. Bacharelato nas súas tres modalidades: ciencias, artes, humanidades e

Concello de Lalín

ciencias sociais.

2. Ensinanzas de idiomas: estudos cursados nas escolas oficiais de idiomas.
3. Posgraduado e doutoramento.

QUINTA.- NORMAS DE OUTORGAMENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

No obstante o anterior, en aplicación do disposto no artigo 55.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non será necesario establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, se o crédito consignado na convocatoria é suficiente para atender todas as solicitudes, unha vez rematado o prazo de presentación.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE.

As achegas concedidas ao amparo desta convocatoria son compatibles con calquera outras que puidera obter a persoa beneficiaria doutras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como por calquera entidade privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

- As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto.
- As solicitudes de bolsas, xunto coa documentación, presentaranse no Rexistro

Concello de Lalín

Xeral do Concello de Lalín ou ben por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- O prazo para presentar as solicitudes será de quince días naturais a contar dende o seguinte á publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

OITAVA.-SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formalizaranse segundo o modelo de instancia establecido (**ANEXO I**) e terá que ir acompañada da seguinte documentación:

1. Copia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte do/a solicitante en vigor.
2. Xustificante de matrícula nos centros de ensino onde se cursen as ensinanzas reguladas na base terceira.
3. Declaración do IRPF do exercicio 2022 do/a solicitante e de **TODOS OS** membros que compoñan a unidade familiar (poderá ser solicitada polo Concello de Lalín, previa autorización da/s persoa/s interesada/s con copia do seu NIF/NIE - ANEXO IV) ou certificación negativa expedida pola Administración Tributaria.
4. En caso de variacións significativas nos ingresos no ano 2023 en relación á última declaración da renda correspondente ao último exercicio económico impositivo, achegaranse xustificantes de ingresos dos seis meses inmediatamente anteriores á data de presentación de solicitude.
5. No suposto de percibir pensión de gran invalidez: certificado de pensións do ano 2022.
6. Calquera outro tipo de documentación xustificativa de ingresos necesaria para a resolución do expediente solicitada polo persoal técnico do Concello.
7. ANEXO II – declaración responsable e de axudas.
8. ANEXO III – información básica sobre protección de datos.

No seu defecto, declaración xurada de ingresos de tódolos membros da unidade

Concello de Lalín

familiar de conformidade co artigo 69 da Lei 39/2015.

9. Achegarase calquera outras medio de proba que se considere necesario aportar para informar dalgunha circunstancia excepcional que poida ser necesaria alegar para a resolución do seu expediente.

De acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude notificaráselle á persoa solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días contados dende o seguinte á notificación do requirimento proceda á súa subsanación.

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 transcorrido o dito prazo sen que a solicitude fose emendada a mesma considerárase desistida previa resolución do Concello de Lalín.

A presentación de solicitude de bolsas de transporte ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación íntegra do contido das mesmas.

NOVENA.- MODALIDADE DE TRANSPORTE.

1. Establécense dúas modalidades de transporte de estudantes:

- a. **Modalidade diaria**, para as persoas que se despracen diariamente á cidade universitaria de luns a venres, ámbolos dous inclusive.
- b. **Modalidade semanal**, para as persoas que se despracen semanalmente á cidade universitaria: unha para acudir á localidade onde estea situado o centro no que cursa estudos e outra para regresar ao seu domicilio no Concello de Lalín.

2. O/A solicitante deberá marcar na solicitude o tipo de modalidade que elixe. As solicitudes de cambio de modalidade NON serán admitidas salvo por causa grave sobrevida e debidamente xustificada.

DÉCIMA.- VALORACIÓN DAS SOLICITUDES. CRITERIO DE

VALORACIÓN. CONTÍA DAS BOLSAS.

As solicitudes valoraranse de acordo ao criterio de renda per cápita familiar mensual. A efectos das presentes bases considerarase **unidade de convivencia** a formada pola persoa solicitante, pai, nai, titor/a e os/as irmáns/ás do/a solicitante menores de 26 anos que convivan no domicilio familiar.

A convivencia queda acreditada mediante a emisión do correspondente certificado que será obtido de oficio polo Concello de Lalín.

Enténdese por renda per cápita familiar mensual o resultado de dividir a suma total dos ingresos de todos os membros computables da unidade de convivencia entre doce e entre o número de membros computables.

Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade de convivencia que será o resultado da agregación das rendas, segundo a declaración de IRPF, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro.

Para determinar a concesión e contías das bolsas utilízase o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) como referencia.

A disposición adicional nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023. (BOE 24/12/2022) indica que *de conformidade co establecido no artigo 2.2 da Real Decreto-lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) terá as seguintes contías durante 2023:*

- a) O IPREM diario, 20 euros.*
- b) O IPREM mensual, 600 euros.*
- c) O IPREM anual, 7.200 euros.*

En base ao sinalado, a contía máxima das bolsas por estudante e curso académico 2023/2024, segundo a modalidade a utilizar, serán as seguintes:

MODALIDADE DIARIA:

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR	BOLSA
Ata 600€ (100% IPREM)	75% do importe da/s factura/s co límite de 250€/curso académico 2023/2024
A partir de 600,01€	35% do importe da/s factura/s co límite de 175€/curso académico 2023/2024

MODALIDADE SEMANAL:

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR	BOLSA
Ata 600€ (100% IPREM)	20% do importe da/s factura/s co límite de 100€/curso académico 2023/2024

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BOLSAS.

A instrución do procedemento corresponderalle a un/unha técnico/a do Concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. No expediente de concesión de bolsas deberá figurar o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha **Comisión Avaliadora** que estará composta por:

- Presidente : Concelleira de Política Social ou persoa en quen delegue.
- Vogais: técnicos/as da Concellería de Política Social.
- Suplentes: técnicas da Concellería de Muller.

Os membros da Comisión Avaliadora serán designados/as polo órgano

competente no momento procedimental axeitado para dar cumprimento aos prazos de tramitación e resolución do expediente indicados na base décimo terceira.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na Base 10, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración.

A Comisión poderá solicitar, motivadamente, os informes que estime necesarios para resolver as peticións. O prazo de emisión do/s mesmo/s será de 10 días hábiles.

A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

A Comisión, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe que deberá expresar:

- Relación de solicitantes aos/ás que se propón conceder a bolsa con especificación da contía máxima de subvención proposta para cada un/unha de eles/elas.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de bolsa solicitada.

O órgano instructor, á vista do expediente e da acta da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

No obstante o anterior, en aplicación do disposto no artigo 55.1 do Real Decreto

887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non será necesario establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, se o crédito consignado na convocatoria é suficiente para atender todas as solicitudes, unha vez rematado o prazo de presentación.

DÉCIMO SEGUNDA.-PRELACIÓN SOCIAL.

No suposto que a concesión de bolsas superen o crédito orzamentario previsto, a orde de prelación virá dada pola aplicación das seguintes variables :

1. Terán prioridade as solicitudes con menores rendas familiares.
2. No suposto de igualdade de rendas, terá preferencia a solicitude con maior numero de fillas/os estudando.
3. No suposto de coincidencia de rendas e número de fillas/os estudando, a prioridade virá dada polo número de rexistro da solicitude (de menos a mais).

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de bolsas ao transporte, previo informe da intervención municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses contados dende a data do acordo de aprobación das presentes bases. A notificación levarase a cabo de acordo ao establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, transcorrido o prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de persoas beneficiarias das bolsas reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.

Concello de Lalín

As resolucións recaídas en este procedemento esgotan a vía administrativa, polo que de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa, contra elas poderase interpoñer un recurso contencioso -administrativo ante a Sala do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, poderá interpoñerse potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de tres meses, que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE DENEGACIÓN.

No caso de resultar denegadas farase constar algúns dos seguintes motivos:

- Presentación da solicitude fóra de prazo.
- Non presentación ou presentación da documentación requirida fóra de prazo.
- Superar o límite de ingresos estipulado en estas bases
- O/A alumno/a non está matriculado/a.
- Cursar estudos en localidade/s que non sexan cidades universitarias.
- Estar matriculado/a en estudos excluídos polas presentes bases.
- Falta de dotación orzamentaria.

DÉCIMO QUINTA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

As persoas beneficiarias das bolsas de transporte concedidas ao abeiro de estas bases, terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das bolsas.
- b) Xustificar ante o Concello de Lalín ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da bonificación.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o Concello de Lalín, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao Concello de Lalín a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da bonificación.

DÉCIMO SEXTA.- PAGAMENTO DAS BOLSAS.

A contía estipulada na base 10 será aboada ás persoas beneficiarias unha vez que presenten a seguinte documentación xustificativa:

- Factura/s emitida/s pola empresa de transporte a nome da persoa beneficiaria da bolsa con indicación do lugar de saída e destino que deberá corresponderse coa cidade universitaria na que se cursen os estudos no que se encontre matriculado/a a persoa beneficiaria.
- Copia dos billetes/tickets/bonos adquiridos co obxecto de comprobar que as datas de viaxe se corresponden con días lectivos do curso escolar. O número de identificación dos billetes/bonos/tickets deberán de corresponderse cos que se indican na/s factura/s.
- Código conta cliente ou certificado de conta bancaria a nome da persoa beneficiaria da bolsa de transporte.

En caso de persoas beneficiarias que acaden a idade de 21 anos ao longo do curso académico serán admitidas as facturas dos billetes/bonos/tickets que teñan como data a posterior a alcanzar dita idade.

Serán admitidas para a xustificación da bolsa do curso 2023/2024 as facturas

Concello de Lalín



correspondentes de acordo coas seguintes datas segundo o calendario escolar:

- **FORMACIÓN PROFESIONAL**: facturas de billetes/bonos/tickets adquiridos no período comprendido entre o 11/09/2023 e ata o 21/06/2024 ámbolos dous incluídos de acordo co artigo 5.1 da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 93 de 16/05/2023)

- **ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** (Calendario académico do curso 2023/2024 aprobado polo Consello de Goberno de 23/02/2022): facturas de billetes/bonos/tickets adquiridos no período comprendido entre o 11/09/2023 e ata o 16/05/2024 ámbolos dous incluídos. No caso de alumnado que presente o traballo fin de grao ou fin de máster o prazo ampliarase ata o 29/07/2024 inclusive.

- **ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS NA UNIVERSIDADE DE VIGO** (Calendario académico do curso 2023/2024 aprobado polo Consello de Goberno de 02/03/2023): facturas de billetes/bonos/tickets adquiridos no período comprendido entre o 11/09/2023 e ata o 07/06/2024 ámbolos dous incluídos.

- **ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS NA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA** (Calendario académico do curso 2023/2024 aprobado polo Consello de Goberno de 30/03/2023 modificado polo acordo de 19/07/2023 para indicar que o día 7 de decembro interrompiranse as actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo, debido ao peche de centros, edificios e instalacións universitarias recollido na RR relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental): facturas de billetes/bonos/tickets adquiridos no período comprendido entre o 11/09/2023 e

ata o 19/07/2024 ámbolos dous incluídos.

A documentación xustificativa poderá presentarse ata o **31 de xullo de 2024**.
Transcorrido este prazo a documentación xustificativa non será admitida.

De acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á xustificación da bolsa notificaráselle á persoa solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días contados dende o seguinte á notificación do requirimento proceda á súa subsanación.

Segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 transcorrido o dito prazo sen que a documentación xustificativa fose emendada considerarase desistida previa resolución do Concello de Lalín.

No caso de que a documentación xustificativa non sexa correcta por non axustarse aos períodos de lectivos indicados, por tratarse de rutas de transporte diferentes de Lalín – destino cidade universitaria na que se cursen os estudos no que se encontre matriculado/a a persoa beneficiaria e viceversa non se entenderán xustificadas ditas cantidades.

Unha vez xustificados correctamente os gastos non se aboará máis que a porcentaxe de importe indicado na base 10 e co límite que na mesma se establece.

DÉCIMO SÉTIMA.- RECURSOS.

Contra as resolucións administrativas que se adopten poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o Concello de Lalín no prazo dun mes.

Entenderase desestimado se, transcorrido o prazo dun un mes, non ten recibido

contestación.

Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativo, no prazo de dous meses.

DÉCIMO OITAVA.-REINTEGRO.

Son causas de reintegro, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.

As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais normativa concordante.

VIXÉSIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión de bolsas de transporte de estudantes para o curso 2023/2024 e que é obxecto de estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s bolsas.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. Por último, tamén poderá ter acceso a empresa adxudicataria que preste o servizo, cumprindo coas obrigas do artigo 28 do RGPD na súa función de encargados do tratamento.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Lalín - . Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

Lalín, na data de sinatura dixital

Cristina Cuñarro Mosteiro

Asesora Xurídica

Vº e praxe

M.^a Carmen Canda Larroy

Concelleira de Política Social